



Bandeira verde, municipio responsable

O Concello de Boiro recibiu no 2010 novamente o premio "Bandeira Verde – Municipio Responsable", que concede a Federación de Usuarios – Consumidores Independientes (FUCI) co apoio da Fundación Biodiversidad, FUCI considera ao Concello de Boiro merecedor deste distintivo, pola calidade da súa xestión medioambiental, nas seguintes modalidades: residuos, limpeza e xardinería; xestión da auga; educación ambiental e participación cidadá e consumo enerxético e contaminación.

O Pazo de Goiáns enriquece un valioso patrimonio cultural, paisaxístico e etnográfico

A restauración dos muíños á beira do río Coroño permite disfrutar dun legado vivo nun entorno privilexiado

A incorporación do Pazo de Goiáns e a finca como bens públicos do Concello de Boiro incrementa notablemente o valor do patrimonio cultural, paisaxístico e etnográfico do municipio. O goberno xestionou, diante do Ministerio de Cultura, a adquisición do conxunto histórico por un importe de catro millóns de euros, concedidos polo Goberno Central, operación que se

materializou o 28 de setembro de 2010.

Todos os boirenses poderán disfrutar e coñecer este espazo. Antes é imprescindible realizar unha serie de intervencións; as máis urxentes son as destinadas a frear o deterioro das edificacións, e para iso está consignada unha partida de 500.000 euros, nos orzamentos xerais do Estado deste ano, coa finalidade de substituír a teitume de todo o inmo-

ble incluída a capela e os lagares. Esta primeira actuación recolle tamén a colocación de tódalas fiestras e portas, feitas en materiais acordes coa edificación. En canto á finca, a súa limpeza, recuperación paisaxística e restitución de muros, financiarase con cargo aos 204.000 euros orzamentados no "Plan de Cooperación cos Concellos 2008 – 2011" da Deputación da Coruña.